



Estimadas familias:

O concello de Teo desenvolverá este curso a sétima edición da formación sobre os dereitos da infancia nos centros educativos. Como sabedes, esta formación inscríbese no programa internacional **Ciudades Amigas da Infancia** que lidera UNICEF e que ten como obxectivo principal que a xente máis nova do concello poida opinar e facer propostas de mellora en relación a problemas e necesidades que lles afectan directamente e que teñen que ver coas decisións que se toman polas diferentes áreas do goberno municipal.

As actividades de formación en dereitos da infancia dirixiranse ao alumnado dos cursos de 6º de Educación Primaria, 1º, 2º e 3º ESO dos centros educativos e terán lugar na semana do 7 de outubro. O seu contido principal será *o dereito á participación da infancia e adolescencia* como dereito que permite ademais reclamar o resto dos dereitos recollidos na *Convención sobre os dereitos da Infancia*. Para canalizar esta participación poden anotarse como representantes nos dous órganos municipais de participación infantil, o *Consello Local de Infancia e Adolescencia (CLIA)*, e o *Foro de Participación Infantil e Adolescente de Teo (FoPIA)*. O primeiro, o CLIA é un órgano de participación veciñal composto por persoal representante das distintas concellerías e grupos políticos municipais, ademais da representación das familias e un número de persoas menores que supera sempre ao de persoas adultas. As súas funcións principais son favorecer a participación activa das nenas, nenos e adolescentes, actuando como interlocutor válido ante as administracións, así como impulsar o cumprimento dos dereitos da infancia a nivel local. Polo que respecta ao FoPIA é un órgano de participación infantil e adolescente conformado exclusivamente por nenas, nenos e adolescentes acompañados nas súas reunións por persoal técnico.

Para o concello, a participación infantil ten que ver cunha estratexia global de participación da cidadanía de Teo, que permite escoitar e ter presente todo aquilo que as persoas adultas non son capaces de ver desde a súa perspectiva. Educar na participación, na elaboración de propostas para a comunidade, na comunicación de intereses, queixas, solucións, axuda ademais a desenvolver actitudes e valores democráticos e de cidadanía, e responsabiliza ao alumnado no respecto, coidado e valorización do seu entorno, de si mesmos e dos seus iguais. Neste curso, a proposta das nenas, nenos e adolescentes para o 20 de novembro, *Día Universal da Infancia*, é traballar sobre **o dereito á participación infantil e adolescente**, xa que como nos recorda UNICEF o 20 de novembro é unha boa oportunidade para que se evidencie a importancia do protagonismo das nenas, nenos e adolescentes.

É por iso, que vos convidamos a que animedes ás vosas fillas e fillos para implicarse nesta iniciativa, intercambiando información sobre o falado na clase, facendo propostas concretas e asinando a autorización que aparece no reverso desta folla se deciden implicarse nos grupos de participación. Neste senso, informámosvos que está previsto que as nenas e os nenos participen no CLIA ao redor de dúas veces por curso lectivo (novembro e maio). **Polo que respecta ao FoPIA as xuntanzas son de carácter mensual coincidindo os luns de 17,30h a 19,00h. A primeira reunión do FoPIA será o luns 21 de outubro ás 17,30h na Casa Común Marisa Mirás.**

O formulario de inscrición que se xunta no reverso podedes enviálo por correo electrónico a evalopez@teo.gal, ou entregalo presencialmente o día 21 na reunión. Calquera dúbida podedes contactar no teléfono 630504106.

Atentamente,

Juan Jesús Cerqueiro Pintos
Concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais

Teo, 01 de outubro 2024.



CONCELLO DE TEO



**Inscripción nas actividades de participación infantil e adolescente do concello de Teo (FoPIA)
Curso 2024/2025**

Nome e apelidos: _____ Idade: _____

Estudios que cursa: _____ Centro educativo: _____

Correo electrónico: _____ Teléfono: _____

Nome do pai (titor legal): _____

Correo electrónico: _____ Teléfono: _____

Nome da nai (titora legal): _____

Correo electrónico: _____ Teléfono: _____

Observacións: